

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

10960 *Orde PRA/905/2017, do 21 de setembro, pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados nestes, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados.*

O artigo 3.6 do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados nestes, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados, dispón que, de acordo coa habilitación recollida na disposición derradeira terceira, se examinará o anexo I.6 e se adoptarán as modificacións para a extensión da certificación prevista nel a todas as persoas físicas que leven a cabo as seguintes actividades con conmutadores eléctricos fixos que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro: instalación, mantemento ou revisión, manipulación de colectores de gas e desmontaxe de equipamentos eléctricos. Na actualidade, conforme este artigo 3.6 do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, esta certificación só cómpre para aquelas persoas físicas que leven a cabo actividades de recuperación de gases fluorados en equipamentos de conmutación de alta tensión.

O Regulamento de execución (UE) 2015/2066 da Comisión, do 17 de novembro de 2015, polo que se establecen, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 517/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, os requisitos mínimos e as condicións para o recoñecemento mutuo da certificación das persoas físicas que leven a cabo a instalación, revisión, mantemento, reparación ou desmontaxe dos conmutadores eléctricos que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro ou a recuperación dos gases fluorados de efecto invernadoiro dos conmutadores eléctricos fixos, establece, no seu artigo 2.1, que todas as persoas físicas que leven a cabo actividades de instalación, revisión, mantemento, reparación ou desmontaxe dos conmutadores eléctricos que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro ou a recuperación dos gases fluorados destes equipamentos deberán estar en posesión da certificación prevista no artigo 3 do devandito regulamento. Pola súa parte, no seu artigo 9 establece que no caso de persoas físicas que realicen actividades de instalación, revisión, mantemento, reparación ou desmontaxe esta obriga entrará en vigor o 1 de xullo de 2017.

O gas fluorado contido nos conmutadores eléctricos é o hexafluoruro de xofre (SF_6), que é o gas de efecto invernadoiro cun maior potencial de quentamento atmosférico, o cal, conforme o cuarto informe do Panel de Expertos das Nacións Unidas fronte ao Cambio Climático (IPCC) ten un potencial de quentamento atmosférico (PCA) de 22.800. Estímase que, en España, existe un banco de SF_6 instalado en equipamentos eléctricos de aproximadamente 1.750 toneladas que equivalen a 40 millóns de toneladas CO_2 -eq. Isto pon de relevo a necesidade de que todas as persoas físicas que realicen actividades que impliquen a apertura do circuíto que contén o SF_6 en conmutadores eléctricos estean debidamente certificadas.

Esta modificación realízase conforme o previsto na disposición derradeira terceira do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, pola cal se autorizan o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, o ministro de Economía, Industria e Competitividade, o ministro de Educación, Cultura e Deporte, o ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e o ministro de Emprego e Seguridade Social para ditaren, no

ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións necesarias para actualizar e modificar os anexos deste real decreto, tendo en conta os desenvolvementos normativos do artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 517/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre gases fluorados de efecto invernadoiro e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 842/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.

Por todo o anterior, actualízase o anexo I.6 do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, e modifícase o título do programa formativo 8 do anexo II do citado real decreto.

Na elaboración desta orde seguiuuse o trámite de audiencia e información públicas previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, consultáronse as comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, así como as entidades representativas dos sectores afectados, e someteuse o proxecto ao trámite de participación pública en materia de ambiente establecido no artigo 16 en conexión co artigo 18.1.h) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). Así mesmo, solicitouse o preceptivo informe do Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, do ministro de Educación, Cultura e Deporte, do ministro de Economía, Industria e Competitividade e da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados nestes, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados.*

O Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados nestes, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados, queda modificado como segue:

Un. O título do número 6 e o número 6.1 do anexo I quedan redactados do seguinte modo:

«6. Certificado acreditativo da competencia para a manipulación de conmutadores eléctricos fixos que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro.

6.1 Actividades habilitadas:

- a) Instalación.
- b) Mantemento ou revisión.
- c) Manipulación de colectores de gas.
- d) Desmontaxe.
- e) Recuperación do gas.»

Dous. O programa formativo 8 do anexo II substitúese polo seguinte:

Programa formativo 8. Curso sobre manipulación de conmutadores eléctricos fixos que conteñan gases fluorados de efecto invernadoiro.

Temario

Coñecemento básico das cuestións ambientais (cambio climático, Protocolo de Quioto, potencial de quecemento atmosférico, etc.), así como o Regulamento (UE) 517/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre gases fluorados de efecto invernadoiro e dos regulamentos de aplicación.

Propiedades físicas, químicas e ambientais do hexafluoruro de xofre (SF_6).
Efectos sobre a saúde dos produtos de descomposición do SF_6 .
Usos do SF_6 nos equipamentos eléctricos (illamento, arrefecemento do arco voltaico, etc.) e comprensión do deseño dos equipamentos eléctricos.
Calidade, control de calidade e toma de mostras do SF_6 segundo as normas industriais.
Almacenamento e transporte de SF_6 .
Manexo de equipamentos de extracción, recuperación do SF_6 , e manexo de sistemas estancos de perforación.
Recuperación, mesturas, depuración e reutilización do SF_6 e diferentes clases de reutilización.
Traballo en compartimentos abertos con SF_6 . Detectores de SF_6 .
Neutralización de subprodutos de SF_6 .
Fin de vida de equipamentos con atmosfera de SF_6 .
Seguimento do SF_6 e obrigas de rexistro dos datos oportunos en virtude do dereito nacional ou comunitario ou de acordos internacionais.
Redución de fugas e controis de fugas.
Tecnoloxías alternativas para substituír ou reducir o uso de gases fluorados de efecto invernadoiro e a maneira segura de manipularlos.
Condicións de seguranza no manexo destas tecnoloxías.
Número mínimo de horas do curso: 18 horas (seis horas de contidos prácticos, 10 horas de contidos teóricos, dúas horas de avaliación).»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de setembro de 2017. –A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.